

"Quizais sexamos poucas as mulleres que traballamos neste mundo, pero somos moi válidas"



En vídeo

Hai 44 anos, os sogros de Mari Angels puxeron en marcha con 14 vacas a gandería Sant Jaume do Palau (Lleida). Hoxe, este negocio familiar conta cunhas 3.000 cabezas (1.800 vacas e 1.200 xovencas) e están aos seus mandos catro socios. Unha deles é a protagonista desta entrega de #YoSoyCampo, Mari Angels Roselló, unha enxeñeira agrónoma e gandeira que se presenta afirmando que se chegou a Sant Jaume, e a este sector, hai 23 anos, foi por amor.

Que é o que máis che gusta do teu traballo?

O que máis me gusta é o desafío diario de que o traballo saia ben, que os animais estean cómodos, que crezan ben... e o feito de saber que formo parte da cadea alimentaria, que son parte do proceso para producir alimentos de calidade para a poboación.

Como foron os teus inicios na profesión?

Cando entras a traballar neste mundo, é certo que é un pouco machista, que hai moito patriarcado. Tes que demostrar moito máis que un home o teu traballo, os teus estudos, os teus coñecementos... Parece que debes ter unha maior base para que te escoiten, ou unha bagaxe que, claro, nun principio non tes. Cando saes da carreira, a túa formación non conta coma se fose un rapaz o que chega, sabes? Pero vaia, hoxe en día, despois de 23 anos traballando, si que podo considerar que empezan a escoitarme, tanto aquí como fóra, noutras explotacións. Despois de todo, quizais sexamos poucas as mulleres que traballamos neste mundo, pero somos moi válidas.

Que lle dirías á xente nova que quere traballar no sector?

Explicarlle que, se realmente se quere dedicar a este oficio, á parte de que necesita uns coñecementos académicos e científicos concretos, debe ter tamén unha capacidade de sacrificio bastante elevada, porque traballar con animais é algo que se fai 24 horas ao día os 365 días do ano. Tamén me gustaría transmitir que non todo é tan fácil nin bonito como se quere vender ás veces, senón que nunha explotación xorden problemas cos animais, co persoal, cos equipos... e ti debes ter a capacidade de xestionalos sen que se che vaia a vida niso.

Que é o mellor da vida no rural?

É unha vida bonita... e emotiva, por ese sentimento de saber que estás a axudar a alimentar á sociedade, que estás a crear un produto de calidade. Nese sentido, non me gusta nada a mala propaganda que se está facendo do sector primario porque, se non estivésemos nós, moitas cousas caerían. Isto só pasa no primeiro mundo, porque nos países en vías de desenvolvemento levar algo á boca é o esencial; aquí temos tal acceso aos alimentos que non o valoramos.

Como viviches a pandemia?

Grazas a que pertencemos o sector primario non tivemos que estar totalmente confinados. Eses meses permitíronnos ver que, mentres todo o mundo tiña que parar, a nós necesitábanos, e por iso fomos un dos sectores que seguiron traballando. Esta situación tamén serviu para que se desvinculase moito o sector primario da contaminación, para desvirtuar esa *fake new*. Sempre se di que o primario contamina moito (cos xurros, cos gases...) e, por mor disto, viuse que a contaminación mundial baixou moito, malia que o sector primario non parou.

Como ves o futuro do sector?

Este non é un sector que sempre vaia na mesma liña, senón que son constantes as subidas e baixadas de prezos, houbo momentos nos que moitos gandeiros perderon os seus negocios porque non puideron recuperarse... pero agora véxoo especialmente mal e creo que é porque a Administración non está a axudar para nada, estamos desprotexidos. Noutros países os gobernos coidan moito de gandeiros e agricultores (en Francia, por exemplo), pero aquí, non. Aquí parece que, como o primario non vende, a Administración non ten interese en axudarnos.



#YOSOYCAMPO

BY VIRBAC

